

Uxío Benítez ofrece unha charla no instituto Valle Inclán dentro do programa europeo EEPE

Benítez falou sobre o AECT Rio Minho e a importancia dos agrupamentos europeos na cooperación transfronteiriza e cohesión territorial europea

O director do AECT Rio Minho, Uxío Benítez, ofreceu unha charla no instituto do IES Valle Inclán como parte das actividades desenvolvidas polo proxecto "[Escola Embaixadora Júnior do Parlamento Europeo \(EEPE\)](#)" do que forma parte o centro educativo. Alumnado e docentes puideron coñecer de primeira man que é un Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial, cales son as súas funcións e importancia dentro das políticas de cohesión territorial da Unión Europea.

Así mesmo, Benítez falou sobre o caso particular do [AECT Rio Minho](#), constituído formalmente o 24 de abril de 2018 e formado pola Deputación Pontevedra e a Comunidade Intermunicipal do Alto Minho. A súa creación foi impulsada a través do proxecto Smart Minho, do que pasou posteriormente a formar parte como entidade socia.

Smart Minho é tamén un proxecto de cooperación europea cofinanciado ao 75% polo Fondo de Europeo de Desenvolvemento

O AECT Rio Minho participa en Bruxelas na Semana Europea das Rexións e das Cidades

O encontro, que reuniu a 9.000 expertos e expertas de todo o continente, é unha das ‘citas clave’ da política rexional europea

O director do AECT Rio Minho, Uxío Benítez, asistiu á decimo sétima edición da [*European Week of Regions and Cities*](#) que se celebrou en Bruxelas do 7 ao 10 outubro, onde estivo acompañado polo secretariado técnico do agrupamento galego-portugués Rio Minho. Segundo explicou o director do ente, este encontro anual “é a cita máis importante” da Política Rexional da Unión Europea”.

A Semana Europea das Rexións e as Cidades é un evento que se celebra cada ano na capital europea e que ao longo de catro días ofrece ao funcionariado das administracións rexionais e locais, expertos e expertas e representantes do mundo académico, a posibilidade de compartir boas prácticas e coñecemento especializado en desenvolvemento rexional e urbano, sendo o maior evento público europeo deste tipo.

Preto de 9.000 asistentes de todo o continente déronse cita nesta edición para participar nun programa composto por aproximadamente 100 sesións de traballo, exposicións e eventos sociais relacionados co desenvolvemento rexional e local.

O director do AECT Rio Minho, Uxío Benítez, e os membros do secretariado técnico e equipo técnico do proxecto Smart Minho participaron en diferentes foros e seminarios, dos que Benítez destacou a especial relevancia dun sobre plurilingüismo e cooperación cultural nas rexións transfronteirizas e outro sobre obstáculos legais no contexto da cooperación.

Así mesmo, mantivéronse reunións paralelas con representantes de asociacións de rexións fronterizas de Europa e representantes da DG Regio, cos que aproveitaron para presentar e explicar a [Estratexia do Rio Minho 2030](#) e todo o proceso de elaboración da mesma.

AECT Río Miño

O AECT Río Miño constituíuse formalmente o 24 de abril de 2018 e está formado pola Deputación Pontevedra e a Comunidade Intermunicipal do Alto Minho. A súa creación foi impulsada a través do proxecto Smart Minho, do que pasou posteriormente a formar parte como socio.

Smart Minho é un proxecto de cooperación europea cofinanciado ao 75% polo Fondo de Europeo de Desenvolvemento Rexional.

O director do AECT Rio Minho participa no encontro anual de agrupamentos europeos para presentar a entidade miñota

O director do AECT Rio Minho, Uxío Benítez, participou no [9th Annual Meeting of EGTC Platform](#) (no encontro anual de agrupamentos europeos) celebrado en Palma de Mallorca. Nel presentou formalmente o agrupamento galego-portugués ante o resto de entidades europeas.

Esta é a primeira vez que o [AECT Rio Minho](#) asiste a este encontro anual xa que a entidade conta con apenas un ano de vida. Porén, os esforzos realizados polo organismo en materia de mobilidade transfronteiriza contaron xa cun lugar destacado, segundo sinalou Benítez. Así, por exemplo, un dos máximos expertos en materia de cooperación transfronteiriza da Comisión Europea, Dirk Peters, deu boa conta do traballo desenvolvido polo AECT Rio Minho neste senso. Sinalou as reunións realizadas polo agrupamento durante o mes de setembro no marco da iniciativa B-Solutions para analizar os obstáculos legais da mobilidade na fronteira do río Miño.

O organismo galego portugués vén desenvolvendo un importante traballo en materia de mobilidade transfronteiriza

Outros

proxectos destacados por Benítez durante o encontro foron a elaboración da Estratexia Rio Minho 2030, que se publicará proximamente, ou a creación da marca Rio Minho.

A cita serviu ademais para tratar as cuestións de actualidade máis relevantes no referido á Cooperación Transfronteiriza como cal debe ser o rol dos AECTs no futuro da cooperación territorial europea, o análise dos mecanismos de cooperación transfronteiriza e os novos regulamentos que rexerán os fondos do vindeiro marco financeiro 2021 – 2027.

A ETCG Platform integra a representantes políticos e técnicos de todas os AECT existentes, agrupamentos en constitución. Tamén a membros do Grupo de Expertos e Expertas, así como asociacións e outras partes interesadas. O obxectivo da plataforma é permitir que todos os axentes interesados poidan intercambiar as súas experiencias e boas prácticas e melloren a comunicación sobre as oportunidades e retos dos AECT.

AECT Rio Minho

O 4 de abril de 2018 a Deputación de Pontevedra e a Comunidade Intermunicipal do Alto Minho crean o AECT Rio Minho. A través dunha das accións do proxecto Smart Minho (cofinanciado ao 75% por fondos FEDER) e o deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez é designado como director do ente.

NA FOTO: O director do AECT Rio Miño, Uxío Benítez (esquerda) xunto con Michael Dejozé, Director do AECT Euregio Meuse-Rhine (DE-NL-BE), e, no centro, o secretario da Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE) Martin Guillermo-Ramirez, na conferencia de presentación dos novos AECT.

O AECT Rio Minho estréase ante o resto de agrupamentos europeos de cooperación transfronteiriza no '9º Annual Meeting of EGTC Platform'

Benítez destacou a importancia deste encontro, no que se tratará a actualidade e as negociacións en curso en materia de cooperación transfronteiriza de toda a Unión Europea

O director do AECT Rio Minho, Uxío Benítez, participa no [9º Annual Meeting of EGTC Platform](#), que este ano se celebra en Palma de Mallorca. Benítez sinalou a importancia de asistir a este encontro no que se dan cita todos os Agrupamentos Europeos de Cooperación Transfronteiriza para discutir sobre os asuntos actuais relacionados cos AECT, o futuro da Cooperación Territorial Europea, as negociacións en curso no Consello da Unión Europea e os mecanismos de Cooperación Transfronteiriza Europeos.

O encontro anual serve tamén para a presentación das entidades europeas de nova creación, como é o caso do [AECT Rio Minho](#), que terá un espazo reservado durante a sesión matinal para dar a coñecer a agrupación e algúns dos seus proxectos máis destacados, como son a elaboración da Estratexia Rio Minho 2030, a creación da marca Rio Minho ou o estudo de mobilidade dirixido a identificar e solventar as trabas legais e administrativas do transporte entre un e outro lado da fronteira.

Uxío Benítez lembrou que a cooperación transfronteiriza recibiu en 2006 un importante impulso da Unión Europea mediante a creación da figura xurídica dos Agrupamentos Europeos de Cooperación Territorial (AECT), tendo en conta que máis dunha terceira parte da cidadanía da UE vive nas rexións fronteirizas, e que estas fronteiras afectan directa ou

indirectamente ás súas vidas en cuestións relacionadas co transporte, a educación, a atención sanitaria, a enerxía, a formación ou a creación de emprego transfronteirizo.

0 4 de

abril de 2018 a Deputación de Pontevedra e a Comunidade Intermunicipal do Alto

Minho crean o AECT Rio Minho a través dunha das accións do proxecto Smart Minho

(cofinanciado ao 75% por fondos FEDER) e o deputado de Cooperación

Transfronteiriza Uxío Benítez é designado como director do ente.

Unha experta xurídica analizará en setembro os obstáculos legais para a mobilidade na fronteira do río Miño

O estudo, promovido polo AECT Rio Minho a través da iniciativa da Comisión Europea “B-Solutions”, realizarase do 9 ao 13

Unha experta xurídica da Comisión Europea analizará *in situ* do 9 ao 13 de setembro os obstáculos legais para a mobilidade transfronteiriza no territorio do río Miño, dentro da iniciativa [B-Solutions Boosting Minho river Cross-Border Mobility](#), un dos proxectos para os que o AECT Rio Minho vén de recibir financiamento, segundo informou o director do agrupamento europeo, Uxío Benítez.

Este proxecto, promovido pola Comisión Europea e pola Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa, ten como obxectivo **analizar os obstáculos legais para a mobilidade na fronteira do río**, análise que realizará unha experta xurídica coñecedora da área –estaré no territorio en setembro–, que axudará na estruturación, definición e identificación de obstáculos para a mobilidade no territorio e na preparación dunha proposta de solucións para presentar ás distintas administracións públicas galegas, portuguesas e europeas que supervisan o sector do transporte.

Esta experta xurídica manterá un programa de reunións e visitas no territorio que lle permitirán recoller a información necesaria para o estudo, así como a elaboración dunha proposta de solucións para entregar á Comisión Europea.

REDE LAB MINHO

O AECT Rio Minho recibiu tamén a aprobación do proxecto Rede Lab Minho. O proxecto, que se manterá ata decembro de 2021, prevé a creación e promoción dunha rede de cooperación e observación de dinámicas transfronteirizas locais, o **apoio ás experiencias de cooperación local entre as distintas eurociudades do Miño** (Tui- Valença, [Cerveira-Tomiño](#) e Salvaterra-Monção), así como outras vilas fronteirizas como A

Guarda-Caminha e Arbo-Crecente-Melgaço que, aínda que non se constitúen como eurociudades, manteñen relacións de cooperación dentro dos proxectos Smart Minho e Visit Rio Minho.

Rede Lab Minho conta cun investimento de 345 mil euros cofinanciados ao 75% con Fondos FEDER, dentro da segunda convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) INTERREG V-A, e ten como obxectivo específico a creación dunha rede de gobernanza transfronteiriza coa que se poderán xerar políticas públicas de benestar da cidadanía; a capacitación, información e sensibilización das estruturas locais de cooperación transfronteiriza (bilaterais) para dar pulo a un maior grao de cooperación territorial; aproximar institucionalmente os modelos de gobernanza dos bens públicos á cidadanía, coa realización conxunta de actividades e iniciativas. Axudará tamén á consolidación do AECT Rio Minho e á súa capacidade para cumprir os seus obxectivos de crear esas novas sinerxías transfronteirizas entre os diferentes concellos.

AECT RIO MINHO

Coa aprobación destes dous proxectos, o [AECT](#) logra novos mecanismos de promoción e pulo da cooperación transfronteiriza no territorio.

Estes dous proxectos súmanse aos outros dous nos que xa participa o AECT Rio Minho (Visit Rio Minho e Smart Minho), que teñen como obxectivo principal a cooperación transfronteiriza, grazas ao desenvolvemento de sinerxías económicas, culturais e sociais en 26 municipios, tanto galegos como portugueses, ás dúas beiras do Miño.

O AECT Río Miño visita o municipio portugués de Águeda para coñecer o seu sistema de aluguer de bicicletas eléctricas

O agrupamento europeo valora implementar un equipamento similar no territorio do Río Miño Transfronteirizo que fomente a mobilidade alternativa

O secretariado técnico do AECT Rio Minho desprazouse ata o municipio portugués de Águeda para coñecer sobre o terreo o proxecto de mobilidade sustentable desenvolto pola cámara lusa, unha das pioneiras na instalación dun sistema de aluguer de [bicicletas eléctricas](#). Con esta visita, e a anterior realizada a Puebla de Sanabria (Zamora) o pasado mes de maio, o equipo do AECT Río Miño está a estudar a xestión e o impacto deste tipo de iniciativas, con vistas á súa implementación no territorio do Río Miño Transfronteirizo, a través do proxecto Smart Minho.

Precisamente, unha das accións recollidas dentro do proxecto de cooperación institucional, Smart Minho (cofinanciado ao 75%

polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), do que son socios a Deputación de Pontevedra, o CIM Alto Minho, o AECT Rio Minho e a Fundación CEER, é a posta en marcha de experiencias de mobilidade suave entre ambas as beiras do río, de cara a incrementar a mobilidade local transfronteiriza, especialmente a alternativa.

Plan de Mobilidade Sustentable Transfronteirizo

Por outra banda, tamén a través de Smart Minho, estase a traballar nun [Plan de Mobilidade Sustentable para o Río Miño Transfronteirizo](#) que favoreza os desprazamentos de persoas e vehículos na fronteira galega portuguesa, prestando especial atención aos fluxos entre os polos urbanos das eurociudades, nos que se concentran máis de 100.000 habitantes. Durante estes meses púxose en marcha unha enquisa de participación cidadá e celebráronse varios encontros con axentes sociais. En setembro, o AECT manterá ademais sesións de traballo con alcaldías e sectores da mobilidade coa participación de expertos e expertas europeos neste asunto.

Así mesmo, o AECT Rio Minho, está a desenvolver o proxecto [Boosting Minho River Cross-Border Mobility](#), financiado pola iniciativa europea B-Solutions, para a análise dos problemas de índole legal e administrativa que afectan á mobilidade transfronteiriza no ámbito do Río Miño.

O AECT Río Miño participa no primeiro Encontro ibérico de Agrupamentos Europeos de Cooperación Transfronteiriza, que se celebra en Vigo

A 'Estratexia 2030' e a creación da marca 'Río Miño' foron as dúas iniciativas máis destacadas polo director do AECT de entre as que está a desenvolver o agrupamento

O director do [AECT Rio Minho](#) e deputado de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez, asistiu onte ao "I Encontro de AECT España-Portugal", que se está a celebrar estes días en [Vigo](#). Durante esta primeira xornada, Benítez tivo a oportunidade de presentar as principais liñas de actuación que se están a desenvolver dende o AECT Rio Minho, entre as que quixo destacar unha das iniciativas máis ambiciosas e innovadoras, a elaboración da Estratexia 2030, un plan de traballo en materia de cooperación transfronteiriza para todo o territorio do Río Miño galego portugués, xestada ao longo dos últimos dous anos e que contou coa participación tanto de expertos e expertas en diferentes áreas, como institucional e da cidadanía.

Outro dos fitos do agrupamento europeo destacados por Benítez foi a creación de 'Río Miño', unha marca de identificación para todo o territorio miñoto que viu a luz o pasado mes de abril, a través da que se quere promocionar e dar a coñecer o

patrimonio cultural, natural, a gastronomía e riquezas do territorio galego-portugués ribeirán do río Miño baixo o lema: “Dous países, un destino, grandes experiencias”.

O encontro, organizado polo AECT Galicia Norte de Portugal e que reuniu en Vigo a todos Agrupamentos Europeos de Cooperación Transfronteiriza da península ibérica, remata hoxe cunha segunda xornada dirixida á analizar futuras posibles sinerxías e oportunidades de cooperación.

O AECT Río Miño constituíuse formalmente o 4 de abril de 2018 e está formado pola Deputación de Pontevedra e a Comunidade Intermunicipal do Alto Minho. A súa creación foi impulsada a través do proxecto Smart Minho, do que pasou posteriormente a formar parte como socio. Smart Minho é un proxecto de cooperación europea cofinanciado ao 75% polo Fondo de Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Os ‘Concertos no Río Miño’, preámbulo do IKFEM 2019, ofrecerán catro actuacións de

alto nivel con propostas para todos os públicos

Grazas a esta iniciativa do AECT Río Miño o festival crece con catro concertos nas eurociudades Tomiño – Cerveira e Tui – Valença

A organización europea destinou un total de 15.000 euros para a dinamización desta experiencia cultural, como parte da acción 2 do proxecto Smart Minho

A VII edición do IKFEM 2019, festival de música de teclado da Eurocidade Tui – Valença, terá como preámbulo os ‘Concertos no Río Miño, unha iniciativa do AECT Río Minho a través do proxecto Smart Minho, que completará o programa do festival con catro actuacións de artistas de Galiza e Portugal. Os concertos terán lugar en enclaves senlleiros das eurociudades Tui – Valença e Tomiño – Cerveira e ofrecerá un cartel con propostas para todos os públicos.

`IKFEM

-Concertos no Río Miño’ será unha extensión do propio evento e celebrarase do 14 ao 16 de xullo nos concellos de Tomiño, Vila Nova de Cerveira, Tui e

Valença. O público poderá gozar dunha programación variada en estilos musicais, con artistas de altísima calidade de Galicia e Portugal, e con propostas dirixidas a todo tipo de públicos. Os espazos dos concertos serán emprazamentos exteriores na contorna do Rio Miño: Centro Interfederado, do club de remo de Tui; a fortaleza de Valença con vistas ao Rio Minho; os xardíns do Aquamuseu de Cerveira, e o Espazo Fortaleza de Tomiño.

A colaboración do AECT Rio Minho co IKFEM para esta actividade ascende a un total de 15.000 euros. Esta axuda está enmarcada na actividade 2 do proxecto de cooperación europea Smart Minho, destinada á dinamización de experiencias culturais conxuntas entre as dúas marxes do río.

O pasado mes de maio, o agrupamento xa colaborou co Encontro de Tocadores 'Entre Margens', cunha financiación similar destinada á programación artística. Grazas a esa achega de 15.000 euros, 'Entre Margens' viu consolidada a súa oferta musical e incluíu por primeira vez ao concello da Guarda dentro da súa programación.

Concertos no Río Minho

0

programa dos Concertos no Río Minho, patrocinado polo AECT, inclúe os seguintes concertos:

O domingo 14 en Tomiño, no espazo Fortaleza, ás 21.30 horas (hora galega), haberá un concerto de Mini Mozart, destinado ao público infantil. As aventuras de Mozart e da súa irmá María Anna marcan o percorrido pola música do xenio austríaco.

Ese mesmo día, na veciña Cerveira, nos Jardins do Aquamuseu do Río Minho ás 23.00 (hora galega), os músicos Susana Seivane, Abe Rábade e Víctor Prieto presentarán a súa colaboración conxunta que leva por nome "Voar a seis mans". Mesturaranse composicións orixinais dos tres autores, música tradicional galega e adaptacións de tres grandes autores suramericanos: Tom Jobim, Astor Piazzolla e Egberto Gismonti.

O luns 15 de xullo, no Centro Interfederado (Club de Remo) de Tui, ás 21.00 horas (hora galega), actuará o galego Davide Salvado co seu espectáculo "Amarelo", no que reinterpreta a xeito contemporáneo cancións tradicionais galegas e doutras partes do mundo.

Xa o martes 16, en Valença do Minho, no Largo Visconde Guarativa (Fortaleza) ás

21.00 (hora galega) será o Mineus Dúo quen mesturará as músicas de ambas as dúas beiras do río Miño, co programa que leva por título: “Atravessando o Minho: cancións da Galiza e Portugal”. O tenor Jorge Prego, xunto con Miguel Campinho ao piano, farán un percorrido musical polo Portugal e a Galicia dos últimos 200 anos a través da canción lírica, como exemplo da cultura transfronteiriza do territorio.

Smart Minho

Xunto co AETC Rio Minho, son socios do proxecto europeo de cooperación transfronteiriza Smart Minho, a Deputación de Pontevedra, a CIM Alto Minho e a Fundación Centro de Estudos Euro Rexionais Galiza – Norte de Portugal. Smart Minho está cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 e conta cun orzamento total de 942.022,47 euros.

O AECT Rio Minho estudará os problemas de mobilidade transfronteiriza grazas á aprobación dun novo proxecto europeo

O financiamento chega a través da iniciativa B-Solutions de proxectos piloto nas fronteiras da UE.

O Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Rio Minho ([AECT Rio Minho](#)) recibiu a aprobación dun novo proxecto no marco da iniciativa [B-Solutions](#), promovida pola Asociación das Rexións Fronteirizas Europeas (AEBR) baixo a supervisión da DG Regio.

B-Solutions é unha convocatoria para o financiamento de 20 micro proxectos piloto destinados a solventar as barreiras de carácter administrativo e legal que se verifican nas fronteiras en áreas como o emprego, a saúde, o transporte, o plurilingüismo e/ou cooperación institucional, e está orientada principalmente a entidades públicas, como é o caso do AECT Rio Minho.

O proxecto promovido polo AECT Rio Minho, *Boosting Minho River Cross-Border Mobility*, ten por obxectivo o estudo dos problemas de mobilidade transfronteiriza no ámbito do Río Miño, para o que recibiu un financiamento de 25.000 € destinados a asesoramento.

Con este financiamento, o AECT Rio Minho poderá dispor dun

experto xurídico con coñecemento en instancias transfronteirizas que colabore na estruturación, definición e identificación dos obstáculos para a mobilidade transfronteiriza no territorio do Río Miño, así como na elaboración dunha proposta de solucións para propoñer ás diferentes Administracións e un marco legal desde o que proceder para acometelas. O período de execución do proxecto é de 4 meses.

Segundo explicou o director do AECT Río Minho, Uxío Benítez, “a virtualidade e importancia da aprobación desta candidatura non é tanto o seu monto económico senón o reducido número de propostas que se admiten dando visibilidade ao AECT en Bruxelas”, diante dos órganos comunitarios e permitíndolle “participar en foros internacionais de debate e construindo relacións institucionais que abren portas cara a outras subvencións”.

Smart Minho e Visit Río Minho

Desde novembro, o AECT Río Miño é socio do proxecto denominado “Estratexia de Cooperación Intelixente do Río Minho Transfronteirizo”, Smart Minho; desde o que se impulsou a elaboración da “[Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030](#)” e que tamén inclúe a posta en marcha de diferentes plans piloto de mobilidade e cultura, xestionados conxuntamente entre España e Portugal.

Por outro lado, un dos obxectivos do AECT Río Minho é promover o Río Miño Transfronteirizo como un destino ecoturístico de excelencia, a través da posta en valor do seu patrimonio natural e cultural e a creación dunha marca de identidade, Río Minho, para que permita dar a coñecer, tanto o territorio como os seus produtos. Estas liñas de actuación están recollidas dentro do proxecto Visit Río Minho, que entre outras actividades tamén contempla a creación dunha rede de sendeiros

transfronteirizos, un grande atractivo para aqueles turistas que busquen destinos de natureza, calidade e non masificados.

Visit Rio Minho e Smart Minho son proxectos cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa Interreg VA España- Portugal (POCTEP) 2014 -2020", neste caso aprobados na primeira candidatura.

Aprobado financiamento europeo para un novo proxecto impulsado polo AECT Rio Minho: Rede Lab Minho

No marco da segunda convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) INTERREG VA

O obxectivo de Rede Lab Minho é a formación dun Laboratorio de políticas públicas transfronteirizas de carácter local.

O Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Rio Minho (AECT Rio Minho) recibiu a aprobación dun novo proxecto na [segunda convocatoria](#) do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A: Rede Lab Minho.

Rede de apoio ás dinámicas locais de cooperación do río Minho – Rede Lab Minho é a denominación do proxecto, que se enmarca no eixo 4 do Interreg de mellora da capacidade institucional e a eficiencia da administración pública a través da cooperación transfronteiriza e no obxectivo temático 11 de

mellora da capacidade institucional das autoridades públicas e as partes interesadas e a eficiencia da administración pública, que supón un investimento de 345.396 euros, do cal un 75 por cento está cofinanciado por fondos FEDER.

O obxectivo de Rede Lab Minho é a constitución e dinamización dunha Rede de cooperación e observación das dinámicas locais transfronteirizas, o apoio a experiencias de cooperación locais entre as diferentes eurociudades do Miño (Tui-Valença, Cerveira-Tomiño e Salvaterra-Monçao) así como entre outras vilas parellas transfronteirizas como A Guarda-Caminha, Arbo-Crecente-Melgaço ou As Neves-Monçao que, aínda que non están constituídas como eurociudades, manteñen relacións de cooperación grazas aos proxectos Smart Minho e Visit Rio Minho, nos que participan o AECT Rio Minho e a Deputación de Pontevedra.

O deputado de Cooperación Transfronteiriza e director do AECT Rio Minho, Uxío Benítez, explicou que este novo proxecto “vai contribuír ao fortalecemento da cooperación a nivel local entre os concellos galegos e portugueses ribeiros do río Miño, mediante a creación dunha rede cooperativa tanto institucional como social, a nivel local transfronteirizo”.

Rede Lab Minho persegue acadar como resultados, no período de execución do proxecto previsto entre abril de 2019 e decembro de 2021, a creación dunha rede de gobernanza transfronteiriza co obxecto de pór en funcionamento políticas públicas de benestar da cidadanía; a capacitación, información e sensibilización das estruturas locais de cooperación transfronteiriza (bilaterais) para acadar un maior grao de cooperación territorial; aproximar institucionalmente os modelos de gobernanza dos bens públicos á cidadanía para chegar á integración conxunta de actividades e iniciativas; e tamén a consolidación do AECT Rio Minho en termos de capacidade de cumprir os seus obxectivos fundacionais e de creación de novas sinerxías transfronteirizas.

Smart Minho e Visit Río Minho

Desde novembro, o AECT Río Miño é socio do proxecto denominado “Estratexia de Cooperación Intelixente do Río Minho Transfronteirizo”, Smart Minho; desde o que se impulsou a elaboración da “Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030” e que tamén inclúe a posta en marcha de diferentes plans piloto de mobilidade e cultura, xestionados conxuntamente entre España e Portugal.

Por outro lado, un dos obxectivos do AECT Río Minho é promover o Río Miño Transfronteirizo como un destino ecoturístico de excelencia, a través da posta en valor do seu patrimonio natural e cultural e a creación dunha marca de identidade, Río Minho, para que permita dar a coñecer, tanto o territorio como os seus produtos. Estas liñas de actuación están recollidas dentro do proxecto Visit Río Minho, que entre outras actividades tamén contempla a creación dunha rede de sendeiros transfronteirizos, un grande atractivo para aqueles turistas que busquen destinos de natureza, calidade e non masificados.

Visit Río Minho e Smart Minho son proxectos cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa Interreg VA España- Portugal (POCTEP) 2014 -2020”, neste caso aprobados na primeira candidatura.

Smart Minho promove encontros entre técnicos culturais

municipais para facer da promoción e creatividade cultural un dos atractivos do territorio do Río Miño

A axenda de traballo iniciouse cunha primeira reunión en Tui con técnicos municipais de cultura galegos. O obxectivo é a organización dunha actividade cultural singularizada que poña en valor o territorio do río Miño.

Técnicos do proxecto Smart Minho, liderado pola Deputación de Pontevedra, mantiveron esta semana unha reunión de traballo con técnicos de municipios galegos no que supuxo o punto de partida dun proceso de reflexión sobre a cultura transfronteiriza, que ten por obxecto promover a organización dunha actividade cultural singularizada que valorice o territorio do río Minho.

A axenda de traballo iniciouse con esta reunión, que tivo lugar en Tui, e continuará ao longo dos próximos meses con reunións en Portugal con técnicos de cultura dos municipios lusos e, finalmente, con encontros conxuntos.

Este proceso de reflexión parte do convencemento de que é preciso aproveitar as sinerxías e o potencial creativo existente en ambas as marxes do Río Miño Transfronteirizo (Festival da Poesía do Condado en Salvaterra, Festival de Cans en Porriño, PLAY DOC e IKFEM en Tui, Paredes de Coura, Bienal de Escultura de Tomiño e Vilanova da Cerveira, etc.).

Esta iniciativa desenvólvese no marco da actividade de

dinamización de experiencias culturais conxuntas para achegar aos axentes territoriais e involucrar ás poboacións nos procesos de cooperación do proxecto Estratexia de Cooperación Intelixente Rio Minho Transfronteirizo, Smart Minho.

Os obxectivos desta acción son achegar aos axentes territoriais que se moven no campo da cultura, dinamizar redes de traballo conxunto no campo cultural, e facer unha reflexión colectiva sobre as potencialidades da cultura eurorrexional como elemento diferenciador do territorio.

Expertos en industrias culturais, valor cultural e cultura compartida da Eurorrexión de Galicia e Norte de Portugal, asociacións, empresas, artistas e axentes culturais do territorio; representantes de proxectos relevantes doutras rexións europeas e representantes de organismos públicos configurarán os actores clave a mobilizar nos próximos meses.

Smart Minho

O proxecto denominado “Estratexia de Cooperación Intelixente Rio Minho Transfronteirizo”, Smart Miño, está cofinanciado ao 75 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.